

Alfredo Seara Carballo

## Dous baixorrelevos castrexos atopados en Formigueiro (Amoeiro)

Damos a coñecer dous interesantes baixorrelevos localizados no pobo de Formigueiro, parroquia de Trasalba e concello de Amoeiro. Nesta pequena poboación existe unha capela que reparte a súa dedicación entre San Sebastián e a Candelaria. Trátase dunha pequena capela de traza totalmente irregular: na fachada mide 4,5 metros, na traseira 5 metros, a parte meridional 8,7 metros e o muro setentrional 8,9 metros. A edificación orixinaria contaba cun pórtico que posteriormente foi tapiado como nos pon de manifesto a distinta fábrica dos paramentos. Na fachada ten unha sinxela espadana rematada cunha cruz de tosca feitura, cun Cristo de bulto redondo.

Con motivo dunha pequena remodelación que os veciños levaron a cabo a finais do ano 1988, ó desmontalo altar déronse conta que a pedra que formaba o mesado, pola súa parte inferior tiña unha decoración, e decidiron poñela na fachada, por riba da porta da entrada para que todos puidesen vela. (Fig.1.). A peza mide 126 centímetros de ancho por 83 de alto (o grosor non é posible mediilo ó estar empotrada no muro, pero estimamos que debe rondar los 20 centímetros). Esta placa pétrea ostenta unha decoración en baixorrelevo e diferenciada en cada un dos tres planos horizontais que a continuación imos ver. (Fig. 2.)

### **Primeiro plano horizontal superior.**

A decoración preséntase incompleta pero aprécianse semicírculos concéntricos enlazados, que formarían “888” deitados formados por tres baquetóns paralelos que se repiten todo ó longo da pedra.

Decoración análoga a esta vémola nun friso do Castro de Rubiás (Bande, Ourense), ou nun anaco de ombreira da Cividade de Ancora (Viana do Castelo)<sup>1</sup>.

Dentro da cultura castrexa, este tipo de decoración é frecuente na cerámica, xoería e asas de sítulas de bronce.

### **Segundo plano horizontal.**

Decoración de “SS” opostas que se xuntan de modo alterno na parte superior e inferior para conformar un triángulo ou punta de frecha, repetíndose o motivo sin solución de continuidade; no centro das frechas fórmase un oco.

Decoración igual o moi similar vémola frecuentemente representada en plástica pétreas de diversos castros como é o caso de , Lanhoso (Braga), Grovos (Braga), Briteiros (Braga), Castelo de Vermoin (Braga) ..., e xa na provincia de Ourense en Castromao (Celanova)<sup>2</sup>.

O paralelo máis próximo podémolo ver na capela de San Xiao de Fontefría, na parroquia de Santa Mariña de Fontefría e no mesmo concello de Amoeiro. Nesta capela hai dous similares con similar decoración de “SS” opostas, bloques dados a coñecer por **Rivas Fernández**<sup>3</sup>.

### Terceiro plano horizontal

Encaixado entre dous toros lisos está o relevo final, que presenta un grupo de équidos en actitude de movemento, mirando cara a esquerda e dispuestos de perfil deixando ver as catro patas en primeiro plano. No cuarto équido dos cinco presentados pódese ver un xinete cos brazos abertos. Os tres centrais apoian as patas no toro horizontal inferior, mentres que o primeiro e o último parecen estar dando un brinco, xa que as patas dianteiras están más elevadas e as traseiras non chegan ó chan.

Dentro da plástica castrexa en pedra non observamos representación animalística similar, nembargante na xoiería sí atopamos motivos que nos lembran ó noso, concretamente na diadema de Ribadeo (ou de San Martin de Oscos) podemos ver xinetes en actitude similar ó de Formigueiro, ainda que, claro está, o conxunto da escea representada na diadema ofrece unha complexidade narrativa totalmente diferente<sup>4</sup>.

A outra peza decorada atópase empotrada nun muro dunha vella edificación que hai no núcleo do pobo, e que pertence á veciña Dª. Alejandra Fernández. (Fig. 3) A pedra mide 80 centímetros de largo por 26 de ancho (non foi posible medilo o grosor). Neste caso a decoración é xeométrica e consiste en círculos concéntricos sin chegar a estar enlazados. A decoración de círculos concéntricos está ampliamente representada na cerámica e xoiería castrexa, ainda que na plástica en pedra non observamos motivos exactamente iguais, sí a vemos formando “88” como é o caso dos exemplos citados anteriormente.

En canto á posible funcionalidade destes bloques decorados, para a primeira das pezas analizadas consideramos que pudo formar parte dunha “pedra formosa” dos coñecidos como “monumentos con forno”; (esto formulado coas lóxicas reservas á espera de que futuros traballos arqueolóxicos confirmen a existencia dun monumento deste tipo no lugar). Acerca da funcionalidade destes monumentos con forno sucedérонse discusións do máis diverso, pero ás últimas teorías consideran que estas edificacións deberon funcionar como pequenas termas ou baños.

Esta posible pedra formosa vense pois a sumar ó único exemplar deica agora coñecido na provincia de Ourense, como é o de Santa Mariña de Augas Santas (Allariz)<sup>5</sup>.

En canto a súa cronoloxía hai que indicar que este tipo de monumentos soamente se ten rexistrado en castros romanizados.

O outro bloque decorado a base de círculos concéntricos puido formar parte dun lintel ou dunha xamba.

Polo tocante á procedencia destas pezas é loxico pensar nun xacemento castrexo próximo. Neste caso estimamos como moi probable que foran atopados nun outeiro que hai inmediato ó pobo de Formigueiro pola súa banda setentrional, outeiro que é coñecido polos lugareños co nome de “O Castelo”. Neste sitio vense situado a fortaleza medieval coñecida como Castelo de Alba de Búbal, da que xa hai referencias documentais no século XI. O Castelo, derrocado na revolta irmandiña, foi reconstruído de novo e parece ser que áinda se conservaba a principios do século XIX. Na actualidade non ser conserva resto constructivo algúin, unicamente se pode ver un pozo escavado na rocha e abundantes derrubos de pedras que indudablemente formaron parte de muros<sup>6</sup>. Nembargante, con anterioridade ó emprazamento do castelo houbo neste outeiro un asentamento castrexo con niveis de ocupación romana, como así o pon de manifesto os diversos restos materiais atopados en superficie, como son tégulas, fragmentos de sigillata, esvásticas, muíños circulares de gran ... O xacemento atópase catalogado nos arquivos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural coa clave de identificación **GA 32002002**.

Finalmente temos que mencionar que pegando ó muro norte da capela hai un sepulcro escavado na rocha, seguramente restos dunha necrópole medieval asociada á capela. Este sepulcro tamén está catalogado nos arquivos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Alfredo Seara Carballo.

Xaneiro de 1999

#### NOTAS

<sup>1</sup> Véxanse ilustracións gráficas en **Ferreira da Silva** EST. CXXXVI e en **Calo Lourido** páxs. 415 e 79.- **Silva, Armando Coelho Ferreira da:** A Cultura Castrexa no Noroeste de Portugal. Cámara Municipal de Paços de Ferreira Museu Arqueolóxico da Citânia de Sanfins. Paços de Ferreira. 1986.

**Calo Lourido, F.** A plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa.- Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña 1994.

<sup>2</sup> Véxanse exemplos gráficos nos citados libros de **Calo Lourido** e **Ferreira da Silva**.

<sup>3</sup> **Rivas Fernández, J.C.:** La capilla de San Xiao de Fontefría y su ara votiva a los Lares Viales.- **Bol. Au. T. II,** páxs. 303-311. Este autor, ainda que plantexa a posibilidade de atribuílos á época castrexa, inclínase a consideralos de época xermánica, afirmando que puideran haber pertencido á primitiva fábrica prerrománica da capela. O citado autor, no mesmo artigo dá a coñecer a opinión de **Ferro Couselo e Xaquín Lorenzo** sobre este particular, para quenes os bloques decorados de San Xiao de Fontefría debían “proceder dalgún habitáculo castreño cercano” (páx. 307).

<sup>4</sup> **Parzinger Hermann** “O mundo Continental e Galicia na Idade do Ferro. Reflexións acerca da diadema de Ribadeo”, Galicia no Tempo-1991. Conferencias/outros estudios. Santiago de Compostela 1992.

<sup>5</sup> **Conde Valvis**. Ó falar deste monumento de Santa Mariña, nos anos cincuenta, xa avanzou a hipótese de que este tipo de edificacións tratábase de baños ou saunas. **Conde Valvis, F.** “Las termas romanas de la “Cibda” de Armeá en Santa Mariña de Augas Santas”. III. C.N.A. Galicia 1953. Zaragoza, 1955.

<sup>6</sup> **Gran Enciclopedia Galega**. T.XIII, Voz Formigueiro, páx. 207.



Fig. 1 Vista xeral da capela de O Formigueiro



Fig. 2 Visión en detalle do Baixorrelevo



Fig. 3 Baixorrelevo empotrado nun muro dunha vella edificación do Formigueiro

